

# Un novo mapa da cidade de Betanzos

ÁNGEL ARCAÏ BARRAL\*  
ERMITAS RODRÍGUEZ PÉREZ

## Resumo

A recente catalogación da documentación procedente da familia Martínez Santiso no Arquivo Municipal de Betanzos reparou diversas sorpresas, como a aparición dun mapa da cidade deseñado en 1877 por Francisco Javier Martínez Santiso.

## Abstract

The recent cataloging of documentation from the Martínez Santiso family in the Arquivo Municipal de Betanzos has found various surprises, such as the appearance of a map of the city designed in 1877 by Francisco Javier Martínez Santiso.

## 1. BREVE HISTORIA DALGÚNS DOS MAPAS DE BETANZOS

Etimoloxicamente, un mapa é a representación gráfica a escala dunha localización concreta que se realiza, polo xeral, nunha superficie plana e na que se aproveita para describir a súa xeografía e os fenómenos que a compoñen a través de símbolos convencionais.

Para o caso da cidade de Betanzos existen diferentes mapas que representan o conxunto desa vila nova de Betanzos á que se trasladan os poboadores do actual Betanzos O Vello en 1219. Quizais o máis coñecido por todos sexa o confeccionado por Antonio Vázquez en 1616 para representar os problemas causados por un dos moitos incendios que afectaron na época medieval e moderna. O seu deseño, no que atopamos unha vila amurallada, cas súas portas e pontes ben definidas e cos elementos máis rechamantes do noso patrimonio como poden ser a ermida de San Roque, o convento de San Domingos, as igrexas do interior da vila amurallada, a torre de Lanzós ou o hospital da Anunciata a extramuros da cidade entre outros.

---

\***Ángel Arcay** e **Ermitas Rodríguez** forman parte do persoal que atende a diario o Museo das Mariñas e o Arquivo e a Biblioteca Municipal de Betanzos.



FIG.01. VÁZQUEZ, A. (c.1616) *Mapa do incendio de 1616*. Archivo Histórico Nacional.

Seguindo o fio cronolóxico, e non sempre cumprindo exactamente cunha imaxe a escala, a seguinte representación que atopamos sería de dous séculos despois, en concreto de 1823, conservado no Archivo Cartográfico y de Estudios Geográficos de Madrid. Existen outros anteriores pero que se centrarían especialmente na parte marítima, sen facer unha representación directa do núcleo urbano. No de 1823 non podemos apreciar as referencias ao noso patrimonio cultural pero si que están marcados os camiños que saen do núcleo urbano (o camiño real de Lugo, o da Coruña, o de Pontedeume ou o de Vilalba), os xuncais que rodeaban á cidade amurallada e varias referencias de barrios e localizacións como son os de a Angustia, Illobre, a Magdalena (cas fábricas de curtidos dos Etcheverría e do Carregal), a Ponte Nova, as Cascas ou Santa María del Camino, denominación ca que aparece o templo dos Remedios. Existe tamén unha referencia á *Fuente del Angel* que parece facer referencia, no río Cascas, á fonte da barriada dos Ánxeles. Este plano está *copiado y reducido a la escala de 1/10000 del plano perteneciente al Ayuntamiento*, aparecendo a escala recollida no tamaño denominado *pies de Burgos*, unha das denominacións que se lle daba ao *pie castellano* e que era unha medida de lonxitude tradicional que correspondería a 0,278635 metros, algo máis curto que o chamado pé romano, que abarcaría 0,2957 metros.

Vinte anos despois publícase o seguinte plano de Betanzos no dicionario de Pascual Madoz, unha obra de referencia na que a nosa cidade aparece representada nunha escala de 1/20000 e no que están presentes diferentes representacións, tanto do noso patrimonio (capela da Nosa Señora dos Remedios, a Ponte Nova, a Ponte Vella e a Ponte das Cascas) como de diferentes espazos recollidos con números correlativos (as igrexas parroquiais de Santa María e Santiago, a igrexa e ex-convento de San Francisco, o convento das monxas agostiñas, a Casa do Concello, a casa do Conde de Taboada, o *Arco de Castilla*, co que se refire á Porta da Vila; o mercado e o *Antiguo Archivo que sirve de Cuartel*). Xunto a estas referencias da lenda aparecen recollidos outros puntos da cidade como as Fontes de San Gregorio, na Cangrexreira, e do Ángel, o barrio de Cachiñas, o río Mendo o de las Cascas, ca ponte das Cascas; os xuncais ou as fábricas de curtidos do barrio da Magdalena.





FIG.03. MADRIZ, P. (c.1845). Plano de Betanzos. Diccionario Geográfico Estadístico Histórico de España y sus posesiones de Ultramar.

Os seguintes no tempo xa serían os deseñados por Francisco Javier Martínez Santiso en torno a 1890 e outro realizado na primeira década do século XX. O máis antigo non conta con ningún tipo de escala, é un debuxo sinxelo e moi esquemático onde



aparecen representados os ríos Mendo e Mandeo, a ría de Betanzos e as súas variacións de caudal, pero sen ningunha lenda a maiores, simplemente ca representación das casas e barrios a través dunha vista aérea que permite facilmente adiviñar cada unha das zonas de Betanzos. Chama tamén a nosa atención a representación que fai das fábricas de curtidos da Magdalena e do Carregal incorporando un novo corpo na zona do Carregal e que pola forma parece corresponder co Estanque dos Papas do Parque do Pasatempo, conectado co río Mendo por medio dunha lingua de auga que abastecería aos estanques da parte baixa do xardín dos García Naveira.



FIG.04. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (c.1890). *Plano de Betanzos*.  
Arquivo Municipal de Betanzos.

O realizado a comezos do século XX sí que conta con máis información escrita, incluso está realizado nunha escala de 1/20000 e ademais de aparecer representados os barrios de extramuros (Angustia, Magdalena, Cascas ou *Puenteviejo*) tamén localiza dous lugares que non aparecen habitualmente neste tipo de planos, os lugares de Acea e Vista Alegre. Este segundo mapa especifica con moito máis detalle que calquera outro toda a poboación do antigo núcleo da cidade de Betanzos, o localizado no entorno de Tiobre, aparecendo ben debuxados os lugares de Caraña (de Arriba, de Abaixo e do Medio), da

Xerpe, de Braxe, de Touriño (tamén de Arriba e de Abaixo), de Gas, de Codesido, de San Paio e de Betanzos O Vello, indicando tamén as igrexas parroquiais de *San Martín de Tiobre*, a de Obre e a *Capilla de San Bartolomé*.

Xunto a cada referencia dada no mapa aparece un número que parece representar o número de veciños que habitarían cada lugar da cidade, aparecendo baixo o título de Ciudad de Betanzos un 5,100 e logo 342 para a Magdalena ou 704 para o barrio da Ponte Vella.




FIG.05. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (c.1910). *Plano de Betanzos*. Arquivo Municipal de Betanzos.

## 2. OS MARTÍNEZ SANTISO

Sen dubida podemos considerar a esta saga familiar betanceira como unha das máis interesantes das que teñen pasado pola nosa cidade no pasado século XX. Dende o Licenciado en Medicina e Ciruxía, Manuel Martínez Vega, aos seus fillos Francisco Javier e Manuel Martínez Santiso ou á súa neta Rosina Martínez Barral.

Ata o momento o máis coñecido de todos eles entre a veciñanza é Francisco Javier Martínez Santiso, fama que lle virá precedida da súa arte ca pluma, co pincel e mesmo ca cámara de fotos, xa que gracias a el contamos con fermosas fotografías do Betanzos de fai máis de cen anos. Entre os seus méritos atopamos o ter ocupado o cargo de Asesor Técnico Artístico ou de Intelixente de Obras no Concello de Betanzos, encargándose de numerosos deseños de lugares que a día de hoxe son verdadeiras referencias para a identidade brigantina; ou a mestría que tivo na docencia, tanto a nivel oficial en varias escolas de España como na academia de debuxo que rexentaba para as mulleres betanceiras. Por todo isto, chegou a ser nomeado como correspondente da Real Academia Galega en 1906.



FIG.06. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (c.1895). Francisco Javier Martínez Santiso e as súas alumnas da clase de debuxo. Sentadas, de esquerda a dereita: Dolores García Ramos, Concha Costas Amenedo, Amparo Álvarez, María Montoto e María Couceiro. De pé Rosa Pasarín Martínez e María García Ramos. Arquivo Municipal de Betanzos.

Mais na mesma estirpe atoparemos ao seu irmán Manuel Martínez Santiso, autor desa obra de referencia que xa é a *Historia de la ciudad de Betanzos*, onde sen dúbida tería colaborado o seu irmán Francisco Javier, e na que fai un repaso completo a todos os episodios históricos e mitolóxicos, da urbe garela.

E xa máis actual é a figura da filla de Francisco Javier e tamén alumna das súas aulas de pintura e debuxo, Rosina Martínez Barral, á que estamos tratando de dar a coñecer dende o Museo das Mariñas. Rosina non foi só unha pintora afeccionada e da que podemos contemplar varios cadros nas nosas salas, senón que tamén foi mestra de pintura na rúa Nova, lugar polo que pasaron unha importante cantidade de veciñas que agora veñen a rememorar ao Museo das Mariñas os seus días con esta fantástica muller.

Como nota curiosa, no Arquivo Municipal de Betanzos tamén contamos co fondo fotográfico do seu marido, Luís Vega Cadaveira, colección fundamental para comprender a historia desta pintora e ca que poder deleitarnos con imaxes dun Betanzos que pouco a pouco vai esmorecendo. O pro-



FIG.07. VEIGA CADAVEIRA, L. (c.1960). Rosina Martínez Barral diante dun dos leóns do Parque do Pasatempo Arquivo Municipal de Betanzos.

pio Luís Vega ten publicado no Anuario Brigantino entre 1994 e 1996 algunhas das súas instantáneas.

### 3. O NOVO MAPA DE FRANCISCO JAVIER MARTÍNEZ SANTISO

O mapa que presentamos neste traballo sería anterior no tempo aos outros realizados polo mesmo autor, conservando as mesmas características na súa execución, ao ser un deseño sinxelo e esquemático pero que permite concibir sen ningún xénero de dúbidas as diferentes partes da nosa cidade. Ademais, este exemplar conta tamén cunha estética moito máis coidada, tanto no uso de cores como na decoración dos diferentes recursos patrimoniais da nosa vila.




FIG.08. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (1877). *Plano de la ciudad de Betanzos*. Arquivo Municipal de Betanzos.

O documento, que aparece entre a documentación de Francisco Javier Martínez Santiso cando Ermitas Rodríguez estaba traballando na súa catalogación, está asinado por *J.S.* polo que entendemos que podería tratarse de Javier Santiso, e conta cunha referencia temporal escrito baixo o título: *año 1877*.

Grazas a esta pequena obra de arte poderemos apreciar a disposición de Betanzos un século e medio despois, aínda que como veremos, a morfoloxía urbana non sufriu grandes modificacións.

Comezando pola parte alta do mapa atoparemos unha nova referencia ao *río Cascas*, unha denominación que, como xa vimos noutros exemplos, era unha referencia moi habitual do río Mendo. Se partimos a nosa vista dende o centro da cidade, veremos



que máis alá deste río aparecen representados varios elementos, o máis rechamante é o Carregal, toda esa zona comprendida entre a *Fábrica Etcheverría* e a *Fábrica Molezúm*, dúas fábricas de curtidos que quedaban ao pé dun antigo camiño que conectaría o barrio da Magdalena e o das Cascas ata a chegada, en 1955 (Arcay & Teijeiro) da estrada de circunvalación que modificaría para sempre a paisaxe do Parque do Pasatempo. Como o mapa é anterior ao inicio das obras dos García Naveira non aparece representado o parque enciclopédico neste documento, sendo as seguintes referencias as que aparecen en torno ao barrio das Cascas, por unha banda o *Priorato de las Cascas* e pola outra os dous camiños que aparecen aos seus lados, o *Camino de la Enfesta* e o *Camino que va a Sta. Cruz de Mondoy*, correspondéndose esta última vía ca actual Avenida Jesús García Naveira e co camiño que logo conduce ao lugar de Roibeira, xa que por outra parte existe a *Cuesta de las Cascas*, a vía que dende o alto do Rollo descende ata o leito do Mendo e ata a antiga ponte.



FIG.09. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (1877). *Detalle do barrio das Cascas no Plano de la ciudad de Betanzos*. Arquivo Municipal de Betanzos.

Continuando cas barriadas de extramuros aparece a representación da Ponte Nova ata o lugar da Magdalena, onde graficamente aparece tamén referida a capela do antigo lazareto cos dous camiños que parten dela, a da costa da Condomiña ata a igrexa da Angustia e a que nos levaría ata a fábrica dos Etcheverría. Ao pé da igrexa da Angustia aparecen representados igualmente a *Carretera de La Coruña* e o *Camino de Sada* dende onde poderíamos contemplar o que no mapa aparece como *Río Mandeo* con grandes galeóns navegando polo que debía ser o leito da ría de Betanzos. Nesta parte da cidade tamén está a *Fuente de la Cangrejera*, que xa non aparece co nome de San Gregorio.

Tamén perde a súa nomenclatura anterior a *Fuente del Ángel* que non aparece recollida neste documento, estando no seu lugar as *Huertas de la Fuente de Unta* e o *Río Mandeo* desta volta cunhas embarcacións máis acordes ao trafego fluvial que coñecemos na actualidade. Na outra beira do río estarán as *Huertas del Mandeo* baixo o camiño da Veiga, que de seguilo nos levaría ata a Ponte Vella e a *Aira Vieja*. Deste núcleo parten dous novos camiños, a *Calleja de Caraña* e a *Calle del Ferrol*, denominada na actualidade rúa de Saavedra Meneses. A de Caraña levaríanos ata a que aparece denominada como *Fábrica de Montoto*, na beira do Pelamios; mentres que o camiño a Ferrol conta cun desvío, ao chegar ao cruceiro, que nos leva ata a *Calle de N.ª S.ª*.



FIG.10. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (1877). *Detalle do barrio da Magdalena no Plano de la ciudad de Betanzos*. Arquivo Municipal de Betanzos.



FIG.11. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (1877). *Detalle do barrio do Mandeo no Plano de la ciudad de Betanzos*. Arquivo Municipal de Betanzos.

Achegándonos máis á antiga muralla da cidade aparecen outras rúas e outros lugares indicados, como son a *Fonte de Unta*, a *Cañota* e o que o artista chama *Monjas*. Estas tres rúas conectábanse nunha fonte exenta que semella ser a do Pozo, xa que a coñecida como do Picho Carolo aparece tamén representada contra as casas do lado da muralla. Entre a Ponte Vella e a Ponte Nova aparecen tamén dúas indicacións, a da *Rivera*, que sería a rúa interior, máis próxima á muralla; e o *Peirao*, que comprendería todo o límite co río Mandeo e no que volven a aparecer embarcacións dun calado maior. Traspasada a Ponte Nova teríamos unha parte denominada *Huertas* na actual zona da Galera e o *Val-doncel* pero na parte máis próxima ao *Campo del Ganado*, onde tamén apreciamos a fonte no alto da antiga feira. Esta pequena praza parecía non contar cunha ponte, a que posteriormente uniría este lugar chamado Cachiñas co Carregal e co Pasatempo, xa que a ponte representada estaría a medio camiño entre esta praza e a Ponte Nova. A parte superior desta zona da cidade, continuando ca circunferencia iniciada pola rúa *Rivera*, é a que aparece referida como *Cachiñas* e que se corresponde co actual Valdoncelel.



FIG.12. MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (1877). *Detalle do casco histórico no Plano de la ciudad de Betanzos*. Arquivo Municipal de Betanzos.

En torno á Praza do Campo aparecen unha serie de referencias de especial interese. En primeiro lugar o propio rollo<sup>1</sup> na rúa do *Rollo*, punto representativo do axustizamento local, onde a columna de pedra que parece estar representada nas proximidades de Santo Domingo sería o símbolo administrativo da xurisdición local.

O resto dos elementos xa nos resultan máis familiares. Comezando por ese Santo Domingo, polo Campo e a súa fonte, os soportais, o Cantón e todos os edificios que



ocupan o lateral da praza: o *Archivo*, o *Hospital*, a desaparecida capela de San Roque e o edificio inscrito como *Huérfana*.

En canto á vila amurallada, a representación sinxela que realiza do conxunto monumental permite apreciar a morfoloxía das rúas máis importantes (rúa Nova, Prateiros, Cerca, Ferreiros e rúa Travesa) destacando simplemente tres elementos en todo o debuxo, as igrexas de San Francisco, Santa María e Santiago. Aparecen tamén, aínda que sen nomear, as portas da muralla, incluídos os chanzos da Porta do Hórreo ou o xardín de diante da igrexa dos franciscanos.



FIG.13 MARTÍNEZ SANTISO, F. J. (c.1930) *O antigo cruceiro do Rollo*.  
Colección particular de José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro.



**NOTAS**

<sup>1</sup> Consultada esta cuestión co Cronista Oficial de Betanzos, José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro, entendemos que ou se trata dunha representación moi somera da antiga columna ou non tería relación directa co antigo Rollo, seguindo as investigacións publicadas polo Cronista Oficial de Betanzos na súa páxina web.

**BIBLIOGRAFÍA**

- BARREIRO MALLÓN, B.; REY CASTELAO, O. (2010). «El incendio de Betanzos de 1616». En *Anuario Brigantino*, n.º 33, pp. 145-177.
- ERIAS MARTÍNEZ, A., VEIGA FERREIRA, X. M. (2003). «Francisco Javier Martínez Santiso (I): inteligente de obras». No *Anuario Brigantino*, n.º 26, pp. 381-410.
- ERIAS MARTÍNEZ, A., VEIGA FERREIRA, X. M. (2006). «Francisco Javier Martínez Santiso (II): inteligente de obras e artista». No *Anuario Brigantino*, n.º 29, pp. 387-426.
- ERIAS MARTÍNEZ, A., VEIGA FERREIRA, X. M., RODRÍGUEZ PÉREZ, E. (2020). «Arquivo da “Empresa de conducción de sales” do Alfolí de Betanzos, de D. Manuel Martínez Vega e Sucesores, no AMB». No *Anuario Brigantino*, n.º 43, pp. 577-582.
- MARTÍNEZ BARRAL, R. (1983). «Francisco Javier Martínez Santiso (1868-1934). Notas biográficas». No *Anuario Brigantino*, n.º 6, pp. 133-150.
- MARTÍNEZ SANTISO, M. (1892). *Historia de la ciudad de Betanzos*. Betanzos, Sucesores de Castiñeira.
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. (2019). *Orden de derribo para El Rollo de Betanzos en 1813*. Páxina web do Cronista de Betanzos <http://www.cronistadebetanzos.com/orden-de-derribo-para-el-rollo-de-betanzos-en-1813/> [Consultada o 1 de febreiro do 2023].
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. (2016). *El triste destino del “Rollo”*. Páxina web do Cronista de Betanzos <http://www.cronistadebetanzos.com/el-triste-destino-del-rollo/> [Consultada o 1 de febreiro do 2023].
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. (2015). *El primitivo y también desaparecido crucero del Rollo*. Páxina web do Cronista de Betanzos <http://www.cronistadebetanzos.com/el-primitivo-y-tambien-desaparecido-crucero-del-rollo/> [Consultada o 1 de febreiro do 2023].
- NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, J. R. (2015b). *Insignias jurisdiccionales de la Ciudad de Betanzos de los Caballeros (III). El Rollo*. Páxina web do Cronista de Betanzos <http://www.cronistadebetanzos.com/wp-content/uploads/2014/07/rollo.pdf> [Consultada o 1 de febreiro do 2023].
- VEIGA CADAVEIRA, L. (1996). «Betanzos ante el objetivo fotográfico de LVC (III)». En *Anuario Brigantino*, n.º 19, pp. 349-354.
- VEIGA CADAVEIRA, L. (1995). «Betanzos ante el objetivo fotográfico de LVC (II)». En *Anuario Brigantino*, n.º 18, pp. 301-304.
- VEIGA CADAVEIRA, L. (1994). «Betanzos ante el objetivo fotográfico de LVC (I)». En *Anuario Brigantino*, n.º 17, pp. 311-316.